

## A D.O. Ribeira Sacra, cita en Xantar

Os amantes do viño e da gastronomía teñen unha cita en **Ourense** do **5 ao 9 de febreiro** cunha nova edición de **Xantar**, a única Feira Internacional de Turismo Gastronómico acreditada na Península Ibérica.

Os **viños da Denominación de Orixe Ribeira Sacra** estarán presentes en Xantar co **Túnel do Viño 2020**, un espazo reservado a profesionais para que as adegas dos diferentes Consellos Reguladores poidan dar a coñecer as súas últimas referencias. Coa aposta firme por fomentar a cultura vitivinícola de Galicia, este evento con máis de 20 anos de experiencia, recibe cada edición miles de visitantes procedentes da euro-rexión Galicia-Norte de Portugal, así como das comunidades limítrofes, e prescritores de toda a Península Ibérica.

O **Túnel do Viño Xantar 2020**, contará coa presenza de 16 viños de 10 adegas con **D.O. Ribeira Sacra**:

- **Adega Algueira S.L.** (Algueira, Brandán, Algueira Carravel)
- **Adegas Moure** (Viño tinto Mencía Abadía da Cova)
- **Alma Das Donas S.L.U.** (Almalola, Almanova)
- **Bodegas Petrón, S.L.** (Prómine)
- **Bodegas Rectoral de Amandi** (Rectoral de Amandi Barrica Edición Limitada Manolo Arnoya, Rectoral de Amandi)
- **Bodega Regina Viarum S.L.** (Regina Viarum, Regina Viarum Rosae)
- **Adega Ronsel Do Sil** ( Vel' Uveyra Mencía 2018)
- **Lar De Ricobao, S.L.** (Lar de Ricobao "Rosado Bágoas de Mencía", Lar de Ricobao "Selección do Val")
- **Rabelas S.L.** (Os Cipreses Mencía)
- **Spanish Wines by Carlos Rodríguez S.L.** (Aba Solleira)

Ademais de estar presentes no Túnel do Viño, os viños de D.O. Ribeira Sacra formarán parte dos **Talleres Gastronómicos** de degustación dos produtos do mar de Galicia, Aula Mar. Así o venres, **7 de febreiro**, catarase o viño da D.O. Ribeira Sacra en "**Cata a lata**" coa Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Peixes e Mariscos, en horario de 13.15 a 14.15. E o domingo, **9 de febreiro**, de 17.00 a 18.00, o viño con D.O. Ribeira Sacra degustarase en **Acuicultura "Descúbrea"** con outras D.O. e I.X.P de Galicia.

